

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Fotografías: Arquivo AGADIC

D.L.: C-826-06

A AGADIC ORGANIZA UN CICLO DE TRES 'MASTER CLASS' SOBRE DISTINTOS ASPECTOS DA MÚSICA TRADICIONAL

DUNCAN CHISHOLM, CARLOS CASTRO E CHEFA ALONSO IMPARTIRÁN CADANSÚA CLASE MAXISTRAL AO LONGO DE TRES DÍAS

OS CONTIDOS CENTRARANSE NO VIOLÍN ESCOCÉS, A PERCUSIÓN FOLK E A IMPROVISACIÓN LIBRE

A Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) organiza un ciclo de tres clases maxistras (*master class*) como apoio á formación en música tradicional galega, que será impartidas polos mestres Duncan Chisholm, Carlos Castro e Chefa Alonso. O violín escocés, a percusión e a improvisación libre serán os tres eixos sobre os que versarán as clases, destinadas tanto a músicos profesionais como a estudantes de conservatorios ou escolas de música. Cada unha das citas desenvolverase ao longo de tres días –con catro horas lectivas por xornada– en distintas datas de novembro e decembro na sede da Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM), en Santiago de Compostela.

navega por e_scena pinchando nas frechas, no índice e nos enderezos web



SUMARIO

- [1-5] AGADIC
 - [5] > Centro Dramático Galego
 - [5] > Escola de Altos Estudos Musicais
- [6] ALERTAS
- [6] NOVIDADES EDITORIAIS
- [7-8] E_SCENA EN CIFRAS

A AGADIC ORGANIZA UN CICLO DE TRES 'MASTER CLASS' SOBRE DISTINTOS ASPECTOS DA MÚSICA TRADICIONAL

Duncan Chisholm, Iain Macfarlane e Ewan Roberston ofrecerán un concerto conxunto o día 20

.....
vén da páx. anterior

A primeira das *master class* previstas terá lugar os días 17, 18 e 19 de novembro a cargo do violinista Duncan Chisholm, fundador do mítico grupo escocés Wolfstone, que contará coa colaboración do tamén violinista Iain Macfarlane. Baixo o título "Técnica e estilos do violín escocés", o guitarrista Ewan Roberston realizará o acompañamento musical ás sesións lectivas. Os tres músicos ofrecerán ademais un concerto conxunto o 20 de novembro no auditorio da EAEM cun programa baseado no repertorio deste instrumento.

O percussionista Carlos Castro desenvolverá a segunda clase ao redor do tema "A percusión non tradicional na música folk galega", que se celebrará os días 4, 11 e 18 de decembro. A saxofonista e percussionista galega Chefa Alonso será a encargada de impartir a terceira clase, "Improvisación libre. A composición en movemento", que se realizará entre os días 16, 17 e 18 de decembro.

Un total de 45 alumnos

Un total de 45 alumnos, tanto músicos profesionais como estudantes, poderán asistir a estas clases, xa que cada unha delas ofrece un tope de 15 prazas. O alumnado, que ha de inscribirse a través da web www.masterclassdemusicatradicional.info, terá que achegar o seu propio instrumento e aboar previamente 100 euros en concepto de custo de matrícula.

No caso de que o número de solicitudes supere o de prazas dispoñibles, serán os propios mestres os que seleccionen os alumnos en función dos curricula recibidos.



Duncan Chisholm

MESTRES DE PRESTIXIO

Duncan Chisholm

Duncan Chisholm (Inverness, Escocia, 1968) é un dos violinistas máis aclamados da música celta internacional e fundador do grupo de rock e folk escocés Wolfstone. Comezou a tocar o violín con oito anos e para cando fundou Wolfstone xunto a Stuart Eaglesham no ano 1989, xa era a o máximo expoñente do violín tradicional escocés. Con Wolfstone gravou nove álbums de estudo e percorreu os escenarios de medio mundo. Unha canción do grupo, "Heart and Soul", escrita por Chisholm e Ivan Drever, formou parte da banda sonora da película gañadora de dous Oscars *O indomable Will Hunting*.

Iniciou a súa carreira en solitario no ano 1997 con *Redpoint*, un traballo discográfico co que acadou eloxios unánimes por parte da crítica. Posteriormente editaría no 2001 o seu segundo álbum, *The Door of Saints*, unha mestura de influencias españolas e gaélicas co que quixo reflectir o amor que sentía polo norte de España. Nestes momentos traballa xa no que será o seu terceiro álbum, que planea gravar en 2010.

Desde hai varios anos, fai tamén xiras por Europa e América co cantante, compositor e guitarrista escocés Ivan Drever. Xuntos gravaron varios discos e colleitaron éxitos nos mellores festivais folk do mundo, como o Tonder Festival (Dinamarca) ou o Celtic Connections (Escocia). Na actualidade compaxina a súa carreira en solitario co seu liderado no grupo Wolfstone e as súas actuacións a dúo con Ivan Drever, ademais doutras colaboracións con artistas como Connie Dover ou Julie Fowles.

Carlos Castro

Percusionista coruñés vinculado á docencia desde o ano 87, actualmente é o xefe do departamento de percusión do Conservatorio Superior de Música de Vigo. Forma parte do grupo folk Fía na Roca e colabora tamén con Xosé Manuel Budiño, os grupos Martín Códax, Resonet e Meendinho (Paulina Ceremuzynska) de música antiga, a orquestra OMEGA de improvisación, e o Techné Ensemble e Catroventos (do movemento FUC).

Entre as case 50 gravacións nas que participou están a maioría dos grupos actuais de música galega. Ten colaborado con numerosas agrupacións desde orquestras sinfónicas até bandas e grupos de rock, folk ou jazz, entre eles DOA, Fuxan Os Ventos, Filloa Express, Baldo Martínez Grand Ensemble, a Orquestra de RTVE e Siniestro Total. Tamén participou como compositor e intérprete en música para publicidade, teatro, cine e TV. Deixou a súa pegada na banda sonora da película *O camiño das estrelas* de Chano Piñeiro así coma en diversas producións do Centro Dramático Galego.

Ten publicado xunto coa pianista Sol Bordas *O Centro Integrado de Música*, editado polo Relatorio de Música do Consello da Cultura Galega. Tamén o libríño de arranxos de música popular *Catro cancións para instrumentos de láminas* editado pola Fundación Mayeusa, e unha metodoloxía para principiantes na percusión *Esto é percusión!* da editorial Dos Acordes.

.....
continúa na páx. seguinte



Carlos Castro

A AGADIC ORGANIZA UN CICLO DE TRES 'MASTER CLASS' SOBRE DISTINTOS ASPECTOS DA MÚSICA TRADICIONAL

vén da páx. anterior

Chefa Alonso

Chefa Alonso (A Coruña, 1955), é saxofonista e percussionista de *free jazz* e improvisación libre. Inicia a súa carreira musical no jazz co septeto El Combo de Sara, que na década dos 80 abre concertos de artistas coma Art Blakey and The Jazz Messengers, Don Pullen ou Phil Woods.

Desde entón, desenvolveu unha prestixiosa traxectoria na que tocou xunto a grandes improvisadores do panorama internacional como John Edwards, Tony Marsh, Vanessa Mackness, Terry Day, Lou Grassi, Barbara Wagner, Co Streiff, Ute Voelker, Günter Heinz ou John Russel. Chefa Alonso ten participado ademais en múltiples festivais dentro e fóra das nosas fronteiras: Freedom of the City (Londres), WIM, Festival Internacional de Improvisación de Zug (Suíza), Festival de Improvisación de Dresden (Alemaña), Musique et Quotidien Sonore (Albi, Francia), La Flibuste (Toulouse, Francia), Improvisa (Barcelona), Escucha (Madrid), etc. É cofundadora do colectivo Musica-libre, co que organiza anualmente o



Chefa Alonso

Festival Internacional de Improvisación Hurta Cordel en Madrid. Ademais de manter os seus grupos de música estábeis: Akafree (cuarteto de free jazz no que interpreta as súas propias composicións) e Sin Red (cuarteto de improvisación libre), pertence ás orquestras de improvisadores LIO (London Improvisers Orchestra), FOCO (Orquestra de Improvisadores de Madrid) e OMEGA (Orquestra de Música Espontánea de Galicia).

Desde o ano 1995, vén desenvolvendo unha importante actividade docente. Cómpre destacar a súa etapa como profesora de saxofón na Escola Municipal de Música de Tres Cantos e como mestra de improvisación na Aula de Músicas de Madrid, ademais dos numerosos seminarios de improvisación libre impartidos. Actualmente vive en Madrid e é doutora en Composición e Improvisación pola Universidade de Brunel (Londres).

+ info en www.agadic.info e www.masterclassdemusicatradicional.info



Uxía (FOTO: FABIO LIMA)

PROMOCIÓN EXTERIOR

A MÚSICA GALEGA ENTRA NO MERCADO IBEROAMERICANO A TRAVÉS DA FEIRA BAFIM

A música galega dará un novo paso cara á súa entrada no mercado iberoamericano a través da súa participación por vez primeira en BAFIM (Buenos Aires FERIA Internacional de la Música), que se celebra do 19 ao 22 de novembro na capital arxentina. Cinco empresas (EsmerArte Servicios Artísticos, Keltia Produccións, Norde-sía, Ouvirmos e Lonxa Cultural) e as asociacións AGEM (Asociación Galega de Empresas Musicais) e Agaphono (Asociación Galega de Produtoras Fonográficas) viaxarán a Bos Aires co respaldo da Consellería de Cultura e Turismo, a través da AGADIC. A delegación galega contará cun *stand* propio neste importante encontro internacional.

Xunto coa actividade que se desenvolverá en BAFIM –no marco da que terán lugar diferentes accións empresariais

e un *showcase* protagonizado por Xoel López–, esta primeira incursión conxunta da industria musical galega no mercado iberoamericano reforzase coa organización dun ciclo de seis concertos baixo o lema “La música de los gallegos” e a marca Galician Tunes. Ademais de Xoel López, Carlos Núñez, Aló Irmão, Uxía e Vetusta Morla actuarán entre o 12 e o 21 de novembro en destacados teatros e salas de Bos Aires (Teatro Metropolitano, Teatro Coliseo, La Trastienda e Sala Niceto) a través desta iniciativa, que vai acompañada dunha importante campaña publicitaria por toda a cidade.

A finalidade da representación empresarial e institucional galega será a de establecer novos acordos bilaterais para a difusión da nosa música, como o acadado recentemente no Womex de Copenhague para o intercambio musical con Brasil a través do Estado de Minas Gerais.

+ info en www.bafim.buenosaires.gov.ar

OS GAÑADORES DO CONCURSO MUSICAL 'A POLO GHIT' 09 OFRECERÁN 12 ACTUACIÓNS EN COLABORACIÓN COA AGADIC

A AGADIC colabora co concurso musical 'A Polo Ghit' a través da organización dun total de 12 concertos de A Banda de Balbina e Lolo Arincón, gañadores da edición 2009 do certame, que se desenvolverán en distintas datas de novembro e decembro.

Lolo Arincón protagonizará a primeira das actuacións o 7 de novembro no Café Auriense de Ourense, para tocar a continuación no Doble Moral de Lugo (21 de novembro), Pub Gatos de Melide (27 de novembro), Pub D'Anton Rock Café da Laracha (28 de novembro), Badulake de Ordes (11 de decembro) e Aturuxo de Bueu (20 de decembro). A Banda de Balbina ofrecerá concertos na Sala Baranda do Barco de Valdeorras (27 de novembro), Café Auriense (5 de decembro), Casa das Crechas de Santiago (día 10), Clavicémbalo de Lugo (día 11), La Fábrica de Chocolate de Vigo (día 17) e Pub Gatos de Melide (día 19).

Concurso promovido por vieiros.com e a Radio Galega, 'A Polo Ghit' elixiu un ano máis as cancións galegas do verán. Arredor de 60 temas de nova creación presentados coa letra en galego por grupos de diversas procedencias participaron na edición 2009 do concurso, no que a canción *Lonxe da praia* de Lolo Arincón recibiu o premio do público e *O fillo do mar* de A Banda de Balbina, o premio do xurado.

+ info.: <http://www.vieiros.com/especiais/apologhit09>



Iván Marcos



Showcase de danza de Pisando Ovos



Mesas redondas



Os Monicreques de Kukás coa RFG



Actuación de O Retrete de Dorian Gray



Momento da inauguración



Entrega do Álvaro Cunqueiro

DISTRIBUCIÓN

A FEIRA DAS ARTES ESCÉNICAS EXPORTA FÓRA DE GALICIA 99 FUNCIÓNS DE 13 COMPAÑÍAS

O balance final de contratación da Feira Galega das Artes Escénicas cifra en 99 as funcións de 13 compañías galegas que se levarán a cabo durante 2010 noutras comunidades autónomas españolas e en Portugal. O programa de bonificacións posto en marcha pola AGADIC durante a celebración deste evento posibilitou que os espectáculos de Berrobambán, Caramuxo, Entremans, Galitoon, Nut, O Retrete de Dorian Gray, Acontrabutaca, PT Excéntricas, Quique Peón, Sarabela, Morcego, Noroeste e Trompicallo foran contratados por 23 entidades, redes, festivais ou institucións non galegas.

En concreto, Trompicallo pechou 26 funcións de *Violeta Coletas contra as salchichas*. Gulp! coas redes de teatros de Castela-A Mancha e Euscadi; Producións Acontrabutaca ofrecerá 16

representacións de *A horta animada* en diferentes escenarios de Andalucía, Comunidade Valenciana, Madrid e Navarra; a compañía de danza Entremans, 15 do espectáculo *Concerto desconcerto* en Castela-A Mancha e outras 4 no País Vasco (Amorebieta, Durango, Elorrio e Leioa); Sarabela Teatro, 12 de *Cósima* no festival Teatralia que se desenvolve en diferentes escenarios da Comunidade de Madrid; Caramuxo Teatro, 5 de *Zapatos* para o Centro Escénico Pupaclown de Murcia; Teatro do Morcego, dúas do seu *Lazarillo de Tormes* no Festival de Teatro Clásico de Alcalá de Henares. Tamén venderon cadansúa función para o Ayuntamiento de Gírgles (Castela-León) Teatro do Noroeste con *Glass City* e PT Excéntricas con *Shakespeare para ignorantes*.

En Portugal, actuarán as compañías O Retrete de Dorian Gray con 4 funcións de *Rúa Aire*, Galitoon Productions con 6 de *Babiliglub*, Berrobambán con 1 de Bicharada, Nut Teatro con 1 de *Wake Up*, e Quique Peón con 1 de *Ovay*.

A este balance haberá que engadir así mesmo as representacións concertadas cos programadores galegos asistentes, que se materializarán fundamentalmente na actividade da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas.

Máis de 3.500 espectadores

Organizada pola AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) da Consellería de Cultura e Turismo, a décima sétima edición do evento acolleu entre o 19 e o 23 de outubro a representación de 20 espectáculos galegos (11 de teatro para adultos, seis de teatro para público infantil e tres de danza), que foron seguidos por un total de 3.510 espectadores.

Cunha elevada media de ocupación nos cinco espazos nos que se desenvolveu o cartel artístico (Auditorio de Galicia, ARTERia Noroeste, Sala Nasa, Salón Teatro e Teatro Principal), os profesionais acreditados e o público xeral encheron

o aforo dispoñible en máis da metade das funcións programadas.

+info en

www.feiradasartescenicas.com

DRAMATURXIA

MANUEL LORENZO, XOSÉ A. NEIRA CRUZ, IGNACIO VILARIÑO E BEGOÑA GARCÍA GAÑAN OS PREMIOS DA AGADIC 2009

Manuel Lorenzo, coa obra *Flores de Dunsinane*, foi o gañador da edición 2009 do Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais, galardón que recibiu de mans do conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela Fariña, no acto de apertura da XVII Feira Galega das Artes Escénicas. Na inauguración déronse a coñecer, así mesmo, os nomes dos autores recoñecidos este ano co resto dos premios literarios que convoca a AGADIC: Xosé A. Neira Cruz alzouse co Manuel María de Literatura Dramática Infantil polo texto *Sopa de xarope de amora*, mentres que o Barriga Verde

de Textos para Teatro de Monicreques recaeu en Ignacio Vilariño por *Auga que non vas beber...*, na modalidade para adultos, e en Begoña García por *Bon appétit*, na categoría de teatro para rapaces.

Os catro galardoados percibirán unha dotación económica de 6.000 € cada un. Ademais, segundo establecen as bases, os textos poderán ser publicados pola AGADIC nalgunha das coleccións dramáticas que mantén abertas en colaboración con diferentes editoriais galegas.

O xurado, integrado por Blanca Ana Roig como presidenta e por Xosé Ramón Fandiño, Eduardo Alonso, Teresa González Costa, Jorge Rey e Gustavo Pernas Cora como vogais, elixiu as obras gañadoras de entre o total de 41 orixinais que optaban este ano aos premios literarios convocados pola AGADIC: 21 ao Álvaro Cunqueiro, 10 ao Manuel María e outros 10 ao Barriga Verde (6 na modalidade de teatro para rapaces e 4 na de teatro para adultos).

MÚSICA

PREINSCRITOS 90 GRUPOS GALEGOS NO PROGRAMA DE CONCERTOS "AO VIVO DENDE GALICIA" PARA CATALUÑA

Un total de 90 grupos galegos de todos os estilos musicais, entre os que figuran tanto bandas emerxentes como formacións de recoñecida traxectoria, inscribíronse para participar na segunda edición do programa de concertos "Ao Vivo dende Galicia", que se desenvolverá en diferentes espazos de Cataluña ao longo de 2010 grazas a unha nova colaboración entre a AGADIC e o Institut Català de les Indústries Culturals (ICIC).

Se na edición de 2009 os concertos dos grupos galegos estanse a celebrar exclusivamente en salas de música ao vivo, en 2010 diferentes festivais e teatros sumaranse tamén a esta iniciativa como sedes da programación de música galega.

Serán os propios espazos os encargados de elixir os grupos, tras unha selección previa que realizará o ICIC de entre os 90 inscritos. A listaxe definitiva das bandas participantes darase a coñecer no mes de decembro.

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO [CDG]

CINEUROPA, MATARILE E MARTA CARRASCO OCUPAN A CARTELEIRA DE NOVENBRO DO SALÓN TEATRO

O Salón Teatro convértese un ano máis en sala de cinema para acoller parte das proxeccións do festival Cineuropa 2009 que, organizado pola Concellería de Cultura de Santiago, ofrecerá varias sesións diarias do 4 ao 16 de novembro, 30 de novembro, e 1 e 2 de decembro no espazo que xestiona o Centro Dramático Galego.

O cine dará paso a unha residencia artística da compañía compostelá Matarile Teatro, que concluirá o martes 24 de novembro cun ensaio para público convidado da súa vixésimo quinta produción, *Cerrado por aburrimiento*. Nesta ocasión, Ana Vallés ponse á fronte dun elenco de 8 intérpretes, entre actores, bailaríns e unha violista, para desenvolver un espectáculo que parte dunha pregunta ("que importa a quen?") e dunha posición á defensiva ante o aburrimiento, a repetición, os críticos de teatro e os manifestos en xeral.

A programación do Salón Teatro para este mes de novembro

culminará os días 28 e 29 coa presentación da peza *Dies Irae*. En *el Réquiem de Mozart*, pola compañía de danza de Marta Carrasco, unha das figuras máis orixinais e transgresoras do panorama coreográfico actual. Desde a irreverencia, a furia e o desafío, a nova peza da creadora catalá mergúllase no culto fúnebre coa obra do compositor austríaco como esencia da posta en escena.

O CDG compatibiliza a xestión desta carteleira cos traballos de produción propia e os ensaios, a partir do 9 de novembro, do que será o seu primeiro espectáculo da temporada 2009-2010: *As actas escuras*, de Roberto Vidal Bolaño e con dirección de Xúlio Lago, que será estreado o 15 de xaneiro.

Toda a programación do Salón Teatro pode consultarse na web do CDG (www.centrodramatico.org) e a través da páxina que o espazo compostelán mantén en Facebook: <http://gl-es.facebook.com/pages/Salon-Teatro/144985183321?ref=ts>



Marta Carrasco

A EXTENSIÓN EN SANTIAGO DO FESTIVAL SINSAL TRAERÁ EN DECEMBRO Á BANDA WOODS

O Salón Teatro acolle unha nova cita coa música de vangarda como sede da extensión compostelá do Festival Sinsal, que o próximo 10 de decembro ofrecerá o concerto da banda norteamericana Woods. Este grupo de folk alternativo con tinturas psicodélicas visita Santiago dentro da xira europea na que está a presentar *Songs of Shame*, o seu cuarto traballo discográfico.

Liderada por Jeremy Earl, revitalizador da escena underground estadounidense a través dos seus selos Fuck It Tapes e Woodsist, a banda de Brooklyn ten alcanzado nos seus pouco máis de catro anos de traxectoria unha destacada posición nos círculos do pop-rock alternativo.

As revistas especializadas cualifican o son de Woods de mestura entre folk campestre, rock, lo-fi, noise e psicodelia cun resultado moi efectivo. O de Santiago será o primeiro dos tres concertos que ofrecerá en España este grupo, que a continuación visitará Madrid e Barcelona como parte do cartel do Primavera Sound.

+ info.: <http://www.myspace.com/woodsfamilyband>

ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS [EAEM]

JOSÉ LUIS ESTELLÉS DIRIXE O CONCERTO INAUGURAL DO NOVO CURSO DA EAEM

O mestre valenciano José Luis Estellés dirixirá os alumnos da Escola de Altos Estudos Musicais no concerto inaugural do curso 2009-2010 que ofrecerán o xoves 12 de novembro, ás 20.30 horas, no auditorio da súa sede en Santiago de Compostela. Nesta actuación, os estudantes interpretarán o *Octeto* e a *Sinfonía para instrumentos de vento* de Stravinsky, e *Cadros para unha exposición* de Mussorgsky.

Director e clarinetista, Estellés (Bétera, 1964) é na actuali-

dade un dos nomes con máis proxección internacional da escena musical española. Dende primeiros de mes, os alumnos da EAEM teñen a oportunidade de preparar con el este concerto inaugural, así como o que ofrecerán o día 13 no Auditorio Municipal de Lalín, no marco dun primeiro encontro de práctica orquestral centrado nas especialidades de ventos e incluído no programa formativo do curso 2009-2010.

No caso das especialidades de violín, viola, violonchelo e contrabaixo, a Escola de Altos Estudos Musicais mantén aberto ata o 18 de novembro o prazo de recepción de solicitudes para participar nas probas extraordinarias de selección de alumnos que se celebrarán os días 12 e 13 de decembro en Santiago. As bases desta convocatoria poden consultarse no Diario Oficial de Galicia nº 201, de 14 de outubro, ou no apartado convocatorias da web www.agadic.info.



José Luis Estellés

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

Convocatorias da AGADIC	Contido	Dirixido a	Data límite
Master Class de música tradicional con Duncan Chisholm, Carlos Castro e Chefa Alonso	A AGADIC organiza tres masterclass de música tradicional impartidos por Duncan Chisholm (Técnica e estilos do violín escocés, do 17 ao 19 de novembro), Carlos Castro (A percusión non tradicional na música galega, 4, 11 e 18 de decembro) e Chefa Alonso (Improvisación libre e composición en movemento, do 16 ao 18 de decembro). As sesións celebraranse na Escola de Altos Estudos Musicais (Rúa das Salvadas, s/n. Santiago)	Cada un dos cursos prácticos oferta 15 prazos. Matrícula: 100 €. Información e inscricións: www.masterclassdemusicatradicional.info/	Até completar as prazos dispoñibles
RGTA e RGS. Prazos de programación para o primeiro semestre de 2010	Ábrese do 2 ao 18 de novembro o prazo de preprogramación e do 23 ao 30 de novembro o de programación definitiva para o primeiro semestre de actividade da Rede Galega de Teatros e Auditorios. No caso da Rede Galega de Salas, o prazo de programación esténdese do 1 ao 30 de novembro.	Espazos adscritos á RGTA e RGS. O trámite realízase a través da intranet de www.galescena.info	30 de novembro
EAEM. Convocatoria extraordinaria de selección de alumnos	A Escola de Altos Estudos Musicais convoca probas extraordinarias de selección de alumnos para a súa promoción 2009/2011 nas especialidades de violín, viola, violonchelo e contrabaixo. As audicións terán lugar do 12 ao 13 de decembro na sede da EAEM en Santiago (Rúa das Salvadas, s/n).	Nas bases publicadas no DOG nº 201, de 14 de outubro de 2009, especificanse os contidos para cada especialidade.	18 de novembro

Outras convocatorias de interese:

- Consortio Audiovisual de Galicia: www.consortioaudiovisualdeg Galicia.org
- Instituto de la Cinematografía y de las Artes Visuales (ICAA): <http://www.mcu.es/cine/SC/becasAyudasSubvenciones/index.html>

- Deputación da Coruña: <http://www.dicoruna.es/cultura/premios/index.htm>
- Programa Media da Comisión Europea: www.mediadeskspain.eu

NOVIDADES EDITORIAIS [EDIT]

Doutor, por favor, mátame con xeito

Xosé Teixeira

Colección Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, nº 58
Edita: Universidade da Coruña (Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística), co apoio da AGADIC / ISBN: 978-84-9749-337-6 / PVP: 14 euros

Edición en versión galega da peza teatral *Docteur, s'il vous plaît, tuez-moi gentiment*, título de innegables valores literarios e dramáticos, de sumo interese polo que ten de mesurado e complexo texto interventivo ao respecto do problema da eutanasia.

Relación de noticias sobre teatro nos fondos da Biblioteca-Arquivo Teatral "Francisco Pillado Mayor" (1882-1975)

Laura Tato Fontaíña

Colección Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, nº 59
Edita: Universidade da Coruña (Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística), co apoio da AGADIC / ISBN: 978-84-9749-340-6 / PVP: 10 euros

Con esta publicación, a Biblioteca-Arquivo Teatral "Francisco Pillado Mayor" comeza o proceso de divulgación daqueles fondos que, polas súas características especiais, presentan unha maior dificultade de catalogación.

O herói incómodo. Utopía e pessimismo no teatro de Hilda Hilst

Ana Martínez Teixeira

Colección Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, nº 60
Edita: Universidade da Coruña (Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística), co apoio da AGADIC / ISBN: 978-84-9749-338-3 / PVP: 15 euros

Estudo sobre oito pezas teatrais da escritora portuguesa Hilda Hilst, autora dunha singular e diversificada traxectoria literaria, considerada unha das mais importantes creadoras en lingua portuguesa do século XX.

Almeida Garret, retrato paratextual com teatro ao fondo

Iolanda Ogando

Colección Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, nº 61
Edita: Universidade da Coruña (Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística), co apoio da AGADIC / ISBN: 978-84-9749-339-0 / PVP: 18 euros

Iolanda Ogando realiza una análise formal e temática da obra de Almeida Garret (1799-1854). Neste volume, reúnense textos específicos do autor portugués, nos que transmite unha serie de ideas e imaxes habituais no conxunto da súa produción literaria.



AGADIC

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Producións con distribución pechada *

Noite de Reis

A boa persoa de Sezuán

Produción con distribución en curso

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIONS	ESPECTADORES/ FUNCIÓN	FACTURACIÓN/ FUNCIÓN
Santiago	<i>As Dunas</i>	16	127,50	545,25 €
Vila Real	<i>As Dunas</i>	1	134,00	55,00 €
O Barco	<i>As Dunas</i>	1	130,00	550,00 €
A Coruña	<i>As Dunas</i>	2	440,50	4.105,48 €
Vigo	<i>As Dunas</i>	2	118,00	1.179,00 €
Tui	<i>As Dunas</i>	2	160,00	875,50 €
Vilagarcía	<i>As Dunas</i>	1	232,00	308,00 €
Ourense	<i>As Dunas</i>	2	79,50	727,50 €
Narón	<i>As Dunas</i>	1	112,00	612,00 €

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

Produción con distribución en curso

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIONS	ESPECTADORES/ FUNCIÓN	FACTURACIÓN/ FUNCIÓN
A Coruña	<i>Giseliña</i>	2	362,00	1.090,20 €
Santiago	<i>Giseliña</i>	2	679,00	420,00 €
Narón	<i>Giseliña</i>	1	48,00	180,00 €
Vigo	<i>Giseliña</i>	1	400,00	3.877,80 €
Cangas	<i>Giseliña</i>	1	141,00	543,00 €
Rabat (Marrocos)	<i>Giseliña</i>	1	1300,00	[FUNC. GRATUÍTA]
Tetuán (Marrocos)	<i>Giseliña</i>	1	800,00	150,00 €
Puertollano	<i>Giseliña</i>	1	62,00	[FUNC. GRATUÍTA]
Xixón	<i>Giseliña</i>	2	100,50	752,85 €
Murcia	<i>Giseliña</i>	2	39,50	155,00 €
Pontevedra	<i>Giseliña</i>	1	202,00	848,00 €
Amán (Xordania)	<i>Giseliña</i>	1	750,00	[FUNC. GRATUÍTA]
Ourense	<i>Giseliña</i>	2	67,00	361,00 €
Carballo	<i>Giseliña</i>	1	72,00	28,00 €
Ferrol	<i>Giseliña</i>	1	141,00	593,00 €
Badalona	<i>Giseliña</i>	2	439,00	4.116,00 €
Tui	<i>Giseliña</i>	1	232,00	1.139,00 €

SALÓN TEATRO

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIONS	ESPECTADORES/ FUNCIÓN	FACTURACIÓN/ FUNCIÓN
CDG	<i>Noite de Reis</i>	17	201,06	1.046,71 €
Varuma Teatro	<i>Malgama</i>	2	113,50	686,50 €
O Último Momento	<i>Contigo</i>	2	115,00	639,00 €
Maquinaria Pesada	<i>As vingadoras</i>	2	193,00	302,50 €
Ieto	<i>Ieto</i>	2	120,50	666,00 €
Jeremy Jay	Festival Sinsal	1	190,00	1.383,00 €
CDG	<i>As Dunas</i>	16	127,50	545,25 €
Pram	Festival Sinsal	1	150,00	985,00 €
Iván Marcos	<i>Eco</i>	3	103,33	111,00 €
Teatro do Morcego	<i>Kvetch</i>	10	81,30	417,10 €
Compañía Salva Sanchis	<i>Objects in mirror are closer than they appear</i>	2	34,00	167,50 €
Larsen + Little Annie	Festival Sinsal	1	91,00	534,00 €
C93	Festival Sinsal	2	132,50	2.219,00 €
Teatro Oficina	<i>Delimvois</i>	2	50,00	30,00 €

TOTAL ACUMULADOS 2007

	FUNCIONS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
<i>O regreso ao deserto</i> (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
<i>Tarará Chis Pum</i> (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
<i>A Piragua</i> (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
<i>Vacuo</i> (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS 2008

	FUNCIONS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	100	10.866	41,23%	46.249,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	16	4.986	68,35%	28.888,20 €
<i>Valdemüller</i> (CDG)	57	7.835	35,04%	14.133,65 €
<i>Estigma</i> (CDG)	26	3.602	30,75%	7.950,80 €
<i>Kiosco das almas perdidas</i> (CCG)	33	7.309	33,88%	33.487,91 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	24	4.091	40,93%	20.003,69 €

TOTAL ACUMULADOS 2009

	FUNCIONS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	63	8.529	51,84%	43.345,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	17	3.418	75,30%	17.794,00 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	12	2.248	46,81%	5.596,90 €
<i>As Dunas</i> (CDG)	28	4.244	36,57%	24.023,95 €
<i>Giseliña</i> (CCG)	23	6.869	56,04%	14.972,90 €

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
Arela das Artes	6	81,33	315,42 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	3	158,33	419,67 €
Ballet Carmen Roche	1	338,00	1.431,00 €
Berrobambán	11	221,36	414,86 €
Branca Novoneyra	1	66,00	306,00 €
Bstudiodanza	2	106,50	311,75 €
Búho y Maravillas	3	195,33	265,17 €
Caramuxo Teatro	5	85,80	160,50 €
Chrystyan Magic	3	135,00	300,00 €
Cía Daniel Abreu	1	76,00	480,00 €
Cía. Galega de Danza Contemporánea - Ballet Jesús Quiroga	1	171,00	1.034,00 €
Compañía do Trinke Trinke	5	124,60	222,30 €
D2	2	70,00	117,50 €
Dani García	3	129,00	254,50 €
Elefante Elegante Teatro	12	203,00	398,15 €
Entremans	5	79,00	288,20 €
Espello Cóncavo	5	161,80	608,80 €
Fulano, Mengano e Citano, S.L.	5	64,00	298,40 €
Galitoon	12	244,33	517,92 €
Ghazafelhos	8	98,75	200,13 €
Grupo de Música Antiga 1500	2	124,50	277,75 €
Grupo de Teatro Lope de Vigo	6	60,67	120,92 €
Javier Martín	2	210,00	735,50 €
La Tirita de Teatro	5	71,40	141,00 €
Lagarta Lagarta	14	178,36	598,21 €
Lambríaca Teatro	7	126,57	313,07 €
Mago Rafa	5	134,20	228,90 €
Mago Xacobe Sanz	3	105,00	229,83 €
Malasombra	10	107,20	340,98 €
Maquinaria Pesada	4	65,00	237,63 €

Martín Camiña	5	98,60	213,80 €
Matarile Teatro	5	108,00	453,80 €
Miroscopio Perdicións	7	66,71	162,29 €
Nats Nus Dansa	1	93,00	215,00 €
Nova Galega de Danza	3	213,33	1.370,00 €
O Mago Teto	3	229,33	994,67 €
Orquestra Vigo 430	1	27,00	81,00 €
Os Monicreques de Kukas	15	153,80	309,80 €
Os Quinquilláns	6	299,00	393,67 €
Pinga Teatro	4	121,00	185,94 €
Pisando Ovos	4	116,00	257,00 €
Pistacatro Productora de Soños	12	173,17	515,40 €
Producións Teatraís Excéntricas	7	202,00	1.031,50 €
Redrum Teatro	6	132,17	681,67 €
Román García	5	166,40	344,00 €
San&san	8	90,88	264,97 €
Sarabela Teatro	17	180,82	539,09 €
Symbiosis Produccións S.c.	5	81,80	142,30 €
Talia Teatro	26	142,81	365,22 €
Teatro de Ningures	8	75,88	337,50 €
Teatro del Andamio	13	84,31	222,06 €
Teatro do Atlántico	8	142,00	609,25 €
Teatro do Morcego	13	198,23	1.081,81 €
Teatro do Noroeste	7	91,86	393,93 €
Teatro Ensalle	4	56,75	261,75 €
Teatro Galileo	7	141,00	400,64 €
Teatro Nu	4	113,25	254,63 €
Títeres Tropicallo	3	194,67	564,00 €
Uroc Teatro	3	122,00	619,33 €
Yllana	2	316,50	1.777,00 €
[in]constantes Teatro	6	194,83	1.438,58 €

CONCELLOS/ENTIDADES

CONCELLO/ENTIDADE	Nº FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Coruña. IMCE	35	175,8	916,91 €
A Coruña. Teatro Colón Caixa Galicia	5	283,4	783,60 €
A Estrada	11	80	390,36 €
Ames	16	73,63	142,36 €
Arteixo	8	118,13	282,19 €
As Pontes de García Rodríguez	4	135,75	203,75 €
Betanzos	4	92,25	291,88 €
Boiro	8	127,75	284,69 €
Burela	8	207,63	564,06 €
Cambados	4	201,25	264,00 €
Cangas de Morrazo	9	156,89	477,56 €
Carballo	15	113,27	322,17 €
Cedeira	9	76,78	130,89 €
Cee	12	106,33	178,17 €
Culleredo	8	60,25	138,00 €
Ferrol	10	87,2	438,00 €
Foz	11	131,82	289,64 €
Lalín	4	73,5	212,75 €
Lugo	4	104,5	316,25 €
Monforte de Lemos	4	145,5	336,50 €
Muros	11	92,82	168,23 €
Narón	15	148,53	688,53 €
Noia	3	75,67	176,00 €
O Barco de Valdeorras	8	107	411,50 €
O Carballiño	8	101,13	257,31 €
Oleiros	4	175,5	641,50 €
Ortigueira	4	37,5	106,13 €
Ourense. Teatro Principal	4	128	875,25 €
Ourense. Auditorio Municipal	17	232,76	671,59 €
Pontevedra	17	278,82	527,41 €
Redondela	7	250,86	624,43 €
Ribadavia	4	84,5	188,63 €
Ribadeo	11	138,18	256,55 €
Sada	5	49	155,70 €

* Desglose en anteriores números de e_scena

REXISTRO DE DATOS MAIO 2009 [E_SCENA EN CIFRAS]

[vén da páx. anterior]

San Sadurniño	8	57,13	117,19 €
Santiago de Compostela	19	119	393,95 €
Sanxenxo	4	129	278,63 €
Tui	8	274,13	762,50 €
Vigo. CC Caixanova	9	268,67	1.187,89 €
Vilagarcía de Arousa	7	104,43	243,57 €
Viveiro	8	166,75	411,00 €

TOTAIS RGTA (ATÉ MAIO)	2006	2007	2008	2009
Funcións	266	340	413	370
Público	42.659	40.228	56.314	53.120
Ocupación	39,94%	30,10%	37,91%	36,65%
Facturado	129.067,70 €	119.523,81 €	168.180,24 €	164.225,00 €

REDE GALEGA DE SALAS

CONCELLO/ENTIDADE	Nº FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
Arteria Noroeste (Santiago)	12	53,08	174,21 €
Sala Nasa (Santiago)	13	42,62	193,50 €
Sala Santart (Santiago)	18	17,28	60,56 €
Sala The Star (Carral)	10	39,7	117,60 €
Teatro Arte Livre (Vigo)	8	11,75	87,50 €
Teatro del Andamio (A Coruña)	33	36,03	134,18 €
Teatro Ensalle (Vigo)	18	15,22	99,47 €

TOTAIS RGS (ATÉ MAIO)	2007	2008	2009
Funcións	86	82	137
Público	2.944	2.213	4.367
Ocupación	36,22%	38,25%	42,15%
Facturado	14.985,00 €	11.218,00 €	18.346,00 €

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
6pm	3	68,00	217,33 €
7 Puertas	7	84,29	242,14 €
A Tuna Rastafari	9	71,56	239,89 €
Adrián Costa & Marcos Coll	4	77,25	355,25 €
Aguardiente Swing Quartet	5	41,80	183,20 €
Aid	4	49,25	152,25 €
Alberto Pérez	2	42,00	252,00 €
Alejandra Burgos	4	36,00	104,75 €
Aló Django	6	56,50	204,67 €
Álvaro Muras	5	34,00	76,00 €
Ánger	3	28,67	80,00 €
Aphonníc	3	52,00	222,00 €
Ataque Escampe	3	32,00	124,00 €
Balakandra	3	33,33	66,67 €
Baldosa Amarilla	4	81,00	184,25 €
Banda Potemkin	3	60,67	183,33 €
Batusi	4	28,50	113,00 €
Brothers In Band- Tributo Dire Straits	5	46,20	135,80 €
Bruno T. Ford	8	34,00	103,88 €
Bukowski Blues Trio?	4	41,50	130,00 €
Carlos Childe Troupe	2	30,00	95,00 €

Chamito el Flako	3	58,00	125,67 €
Con Certo Swing	2	30,00	97,50 €
Cooltrain Band	4	37,75	101,00 €
Cornelius	16	65,63	233,06 €
Coyote Express	1	66,00	180,00 €
Creole Kings	4	38,75	124,50 €
Dandy Fever	5	68,20	194,00 €
Debuxos Reanimados	1	68,00	340,00 €
Deva	4	54,00	125,50 €
Doctor Harapos	3	54,67	126,33 €
Ectoplasma	6	53,33	186,67 €
Edu Manazas & Whiskey Tren	7	49,14	212,71 €
El Puchero del Hortelano	4	80,25	422,00 €
Elodio y Los Seres Queridos	3	28,67	128,67 €
Fabulosos Cubatas de Fockink Brothers	8	54,50	163,38 €
Fainoti	1	42,00	252,00 €
Felix Arias	3	25,00	58,33 €
Franc3s	4	27,00	94,50 €
Graham Foster Trio	3	66,00	352,33 €
Guezos	2	52,50	52,50 €
Guru Deva	6	56,50	157,17 €
Harry Navisson Band	3	26,33	65,00 €
Héctor Lorenzo	5	23,60	53,00 €
Holywater	5	107,00	436,60 €
Javier Constenla "Improvia"	2	41,00	115,50 €
Javier Pereiro Quartet	2	29,00	100,00 €
José Luis Pardo & The Mojo Workers	4	46,25	201,50 €
La Pegatina	1	90,00	270,00 €
Lisandro Aristimuño	4	51,75	216,00 €
Little Albert Boogie Band	3	37,00	121,33 €
Los Eternos	4	61,00	204,00 €
Los Marcianos	4	34,25	92,50 €
Los Mecánicos	6	56,50	120,33 €
Lucía Martínez Cuarteto	4	44,00	184,50 €
M3 - Monkeymeetsmusic	5	48,00	167,60 €
Magín Blanco & Burgas Beat	5	43,00	93,00 €
Meu	7	75,00	255,29 €
Michel Gonzalez Band	2	41,50	92,50 €
Miki Nervio & The Bluesmakers	6	58,83	158,00 €
Misquious	4	36,00	87,00 €
Moon Cresta	7	33,43	131,43 €
Moondogs Blues Party	3	64,33	243,33 €
Mr. Whiz	3	42,67	150,67 €
Niño y Pistola	5	63,00	220,40 €
O Sonoro Maxín	5	64,80	220,40 €
Os Trasnós de Moscoso	4	36,25	51,75 €
Overlook	1	21,00	63,00 €
Pablo Bicho Quinteto	5	64,00	195,40 €
Pablo Seoane Quartet	3	27,00	98,33 €
Phantom Club	4	80,75	294,50 €
Por Placer	4	83,75	245,00 €
Preachers Of Rock And Roll	3	28,00	105,67 €
Rockers Go To Hell	2	56,50	157,50 €
Ruso Negro Dúo	5	45,00	119,80 €
Samesugas	3	36,33	146,00 €
Samuel Levi	3	25,00	53,00 €
Sevigny	4	49,50	213,75 €
Snatch	4	57,75	99,75 €
Sojazz	4	35,75	92,50 €
Stereotipos	3	109,33	448,00 €
Sugar Mountain	3	56,67	190,67 €
Swing Session Quintet	1	25,00	75,00 €
Swingpool	5	24,40	66,20 €
Tangazz Trio	4	21,25	75,75 €

The 38beats	4	46,25	129,75 €
The Blows	6	87,50	299,83 €
The Fishfuckers	5	46,00	162,20 €
The Homens	5	63,00	248,20 €
The Sweat	3	41,00	129,67 €
Transilvanians	5	53,20	188,60 €
Tumbling Dice	3	32,67	68,67 €
Víctor Aneiros	4	51,00	163,75 €
Vozes da Rádio	2	79,50	382,00 €
Woden	3	59,67	135,33 €

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
A Fundación (Melide)	8	71,88	142,38 €
A Regueifa (Ponteareas)	10	66,4	169,60 €
Ache (Marín)	5	44,8	315,60 €
Aturuxo (Bueu)	10	63,7	299,20 €
Auriense Café Cultural (Ourense)	12	43,67	124,17 €
Babel (Lugo)	3	37,67	112,00 €
Badulake (Ordes)	7	39,71	119,14 €
Bar Liceum (O Porriño)	8	77,13	283,38 €
Bar Patos (Nigrán)	4	29,75	126,25 €
Baranda (O Barco de Valdeorras)	9	67,33	202,00 €
Borriquiña de Belém (Santiago)	7	44,57	106,86 €
Café Concerto Antano (Outes)	7	44,14	105,00 €
Café-cultural Roi Xordo (Allariz)	5	72,4	210,40 €
Casa das Crechas (Santiago)	8	52,25	133,25 €
Catro Camiños (A Rúa)	6	52,33	18,00 €
Clandestino (Nigrán)	9	39,11	108,56 €
Clavicémbalo (Lugo)	15	50,8	202,47 €
Contrabajo (Vigo)	17	38,18	174,41 €
El Ensanche (Vigo)	11	48,09	144,27 €
El Otro Caimán (Monforte de Lemos)	3	74,33	188,00 €
Forum Celticum (Culleredo)	10	103,9	265,80 €
Garufa (A Coruña)	19	39,84	148,79 €
Jazz Filloa (A Coruña)	2	49,5	247,50 €
Jazz Vides (A Coruña)	22	38,05	141,00 €
La Casa de Arriba (Vigo)	10	24,8	122,80 €
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	15	49,47	192,67 €
La Galeríajazz (Vigo)	5	20,8	96,00 €
La Iguana Club (Vigo)	8	85,63	346,13 €
Marrucho (Baiona)	10	38	91,70 €
Náutico (O Grove)	5	73,8	218,40 €
O Con do Moucho (A Illa de Arousa)	7	52,57	131,71 €
Planeta (Sarria)	7	63,14	213,71 €
Pub o Muíño (Cervo)	8	49,88	116,75 €
Pub d'Antón Rock Café (A Laracha)	15	52,53	142,40 €
Pub Gatos (Melide)	9	49,44	133,22 €
Pub Leblón (Pontecaldelas)	10	43	55,20 €
Sala 600 (Melide)	8	56,13	211,75 €
Sala Karma (Pontevedra)	13	81,23	382,77 €
Sala Run Rum (Ferrol)	14	55,43	223,93 €
Salason (Cangas de Morrazo)	10	42,8	149,10 €
Vagalume Café Concerto (Salvaterra de Miño)	5	60	168,00 €
Zona Zero (Caldas de Reis)	9	33,33	108,67 €


TOTAIS RGMV (ATÉ MAIO)	2007	2008	2009
CONCERTOS	461	379	385
PÚBLICO	22.308	19.348	20.028
OCUPACIÓN	25,53%	37,52%	42,04%
FACTURADO	56.106,00 €	58.441,00 €	66.305,00 €

CIFRAS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



XACOBEO 2010
Galicia

AGADIC. Rúa da Vesada s/n San Lázaro.
15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28 Fax: 981 577 127
agadic@xunta.es / www.agadic.info